

COMEZO DA CAMPAÑA DE VERÁN DOS CAMPAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA 204

TODA A INFORMACIÓN NO DOG DO 16 ABRIL, ENLACE:

(Portada)



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 75

Martes, 16 de abril de 2024

Pax. 23809

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

ORDE do 4 de abril de 2024 pola que se regula a oferta de prazas para actividades xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2024 e se procede á súa convocatoria (códigos de procedemento BS303A, BS303F, BS303G e BS303H).

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, leva a cabo a promoción e organización de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do ocio e o tempo libre.

Asumidas as competencias neste eido polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, sobre asunción de competencias en materia de cultura, a Consellería de Política Social e Xuventude inclúe entre os seus obxectivos o de favorecer a participación da xuventude en actividades deste tipo, e para iso convoca, unha vez máis, a oferta de prazas xuvenís dentro da programación da Campaña de verán.

Mediante a oferta da dita campaña, a Consellería de Política Social e Xuventude ofrece a posibilidade de que a xuventude empregue o seu tempo libre de verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

A Campaña de verán da Xunta de Galicia é un recurso de conciliación para as familias galegas e de educación non formal para o tempo de lecer dos nosos mozos e mozas, que lles permite beneficiarse dun espazo do ocio favorable para as súas emocións e sentimentos.

Ademais, a Consellería de Política Social e Xuventude, en aplicación do principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade, considera pertinente que ademais das actuacións específicas dirixidas ás persoas con discapacidade, se teñan en conta as necesidades e demandas destas persoas nas políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, como é o ámbito de actuación das políticas dirixidas á mocidade galega.

Neste sentido cómpre tamén sinalar que a Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, recoñece no seu

CVE-DOG-4xpxjlm7-1706-5p2-7985-9keagm0x02m1



ISSN N.º 1134-9229 Depósito legal C. 454-1998 <https://www.xunta.gal/ro-eficial-pat-e-a>

Enlace ao DOG

https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/2024/20240416/Secciones1_es.html&paginaCompleta=false&fecha=16/04/2024&compMenu=10102

CONCURSO DE LITERATURA INFANTIL



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

EXTRACTO da Resolución do 4 de abril de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas 2024 (código de procedemento PR775A).

BDNS (Identif.): 753930.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da Resolución do 4 de abril de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas 2024, cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeira. *Obxecto, participantes e réxime xurídico*

1. O concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas 2024 ten por obxecto incentivar a creatividade literaria a través do uso da lingua galega.

2. Está dirixido a nenas galegas e nenos galegos que teñan a súa veciñanza administrativa en calquera dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia e teñan idades comprendidas, en función das dúas categorías previstas, entre os 9 e os 11 anos e os 12 aos 14 anos. A idade estará referida á data de finalización do prazo de presentación dos traballos.

Non poderán acceder a estes premios as persoas participantes cuxos representantes legais se atopen afectados por algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tampouco poderán acceder os fillos e as fillas das persoas integrantes do xurado.

3. A concesión dos premios rexeráse por estas bases, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, subsidiariamente, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións.

CVE-DOG: z50hggf5-e320-cdu2-us69-tnwknmppp04

